

**A DORNA NA CULTURA TRADICIONAL**  
**(Unidade didáctica localizable en [www.acddorna.org](http://www.acddorna.org))**  
**Asociación Cultural e Deportiva Dorna**

A seguinte unidade didáctica pretende achegar a profesora/es e alumna/os unha ferramenta de traballo sobre a nosa cultura marítima tradicional: pesca, oficios, embarcacións tradicionais, facendo especial referencia á dorna.

### **Xustificación**

#### Destinatarios

Alumnado de Secundaria, preferentemente de centros de ensino de secundaria da costa e de zonas rurais. Para o seu desenvolvemento, contarase cun profesorado sensibilizado coa tradición popular, coa cultura e a lingua galega.

#### Temporalización da unidade didáctica

Esta unidade didáctica está orientada para que o seu desenvolvemento completo leve unhas 20 sesións de aula. Cómpre que estas sesións estean repartidas entre as áreas de Lingua e Literatura Galega, Ciencias Sociais e Educación Visual e Plástica.

A unidade está compartimentada en catro bloques temáticos, dende unha visión máis xeral ata a máis específica: Situación xeográfica, Sectores económicos: oficios e pesca, Embarcacións Tradicionais e A Dorna.

O seu emprego, está deseñado para que se poda facer no seu conxunto, ou pola contra para traballar especificamente só algún dos bloques.

### **Obxectivos Xerais**

1. Describir e intepretar un espacio xeográfico e cultural, sinalando as súas características e identificando as súas particularidades.
2. Analisar e valorar os recursos naturais e culturais e as súas consecuencias ambientais, en especial, no que se refire á sustentabilidade do medio e os trazos naturais.
3. Identificar e describir o ámbito físico, xeo-económico, político e cultural do medio no que viven.
4. Localizar, clasificar e interpretar documentos e fontes de información oral para aplicalos ao estudo desta temática.
5. Asimilar e valorar formas de vida que coexisten no contorno que habitan.

6. Manexar o vocabulario específico e propio da área.
7. Respeitar e defender o patrimonio cultural, lingüístico, histórico-artístico, medio-ambiental, recoñecendo as diferentes aportacións que o formaron.

### **Obxectivos específicos**

1. Coñecer as embarcacións tradicionais.
2. Introducir a historia da dorna.
3. Comprender o proceso básico da construción da dorna.
4. Reflexionar sobre a importancia da dorna na relación que establece entre o medio natural e o socioeconómico.
5. Familiarizarse cos modos e coas artes da pesca.
6. Aprender as nocións básicas da navegación en dorna.

### **Contidos**

1. Xeografía, medio natural.
2. Sectores económicos: pesca e oficios.
3. Embarcacións tradicionais.
4. A Dorna

### **Desenvolvemento dos contidos**

1. Xeografía e medio natural:
  - Actividade 1ª: partindo dun mapa da ría de Arousa, situar espazos naturais, poboacións, portos, o centro escolar. Descrición xeográfica e climática. Definición de ría. Buscar posibles traducións en castelán, francés, inglés, alemán, portugués brasileiro e noruegués. Inventar unha nova definición tendo en conta a riqueza excepcional da Ría de Arousa.
  - Actividade 2ª: elaborar un mapa cos puntos que cada alumno/a considere máis representativos da zona: bares, comercios, praias, porto, vecindarios, inventando as lendas correspondentes.
  - Actividade 3ª: Diferenzas de significado que veñen dadas polo xénero: río-ría, pozo-poza, rato-rata, porto-porta... Elaborar unha lista de substantivos

nas que o morfemas gramaticais de xénero non indiquen oposición xenérica, senón diferencias léxicas.

- Actividade 4ª: a partir do conto de Rafael Dieste, “A balea”, observar as diferencias entre o galego escrito e o galego oral. Traballar a xeografía lingüística galega: galego estándar e galego dialectal. Diferencias fundamentais entre o galego occidental e o central a partir de textos.

## 2. Sectores económicos:

- Actividade 1ª: definir sector primario, secundario e terciario. Pór exemplos de oficios da Illa de Arousa que pertencen a eses sectores e observar cales son os sectores que priman na zona.
- Actividade 2ª: traballar co libro Os oficios de Xaquín Lorenzo, “Xocas”, editado en Galaxia. Elaborar unha lista de oficios tradicionais que aparecen no libro e contrastalos cos que existen na Illa. Elaborar o léxico específico de cada un dos oficios.
- Actividade 3ª: coa lista de oficios elaborada na actividade 2ª, indicar o xénero da persoa que os realiza. Establecer un debate na aula sobre a especificación do traballo tradicional:
- mariñeiro/a\_mariscador/a\_peixeiro/a\_patrón/a\_carpinteiro/a\_dorneiro/a\_percebeiro/a\_redeiro/a\_pescador/a\_naseiro/a\_conserveiro/a\_carpinteiro/a\_
- Actividade 4ª: elaborar unha enquisa na aula sobre oficios tradicionais e realizar unha saída de carácter etnográfico de recollida de información. (Ver modelo enquisa no apartado correspondente).
- Actividade 5ª: en grupo, buscar na literatura popular e na literatura culta ou de autor contos ou lendas que falen de oficios relacionados co mar. Establecer as diferencias entre literatura culta e popular:
- Literatura popular: referencias ao receptor, construcións sintácticas sinxelas, autor non coñecido...
- Literatura culta: autor coñecido, léxico e sintaxe máis complexa, uso de recursos literarios, non se fai referencia ao lector ou receptor do conto.

## 3. Navegación tradicional:

- Actividade 1ª: visualización do Power Point de embarcacións tradicionais, aparellos e especialización pesqueira de cada un deles. Facer fincapé nas descoñecidas e elaborar un glosario co léxico novo.
- Actividade 2ª: recompilar adiviñas e refráns que fagan referencia á vida mariñeira. Elaborar unha explicación aos refráns para que sexan entendibles para estranxeiros. Reflexionar na riqueza da tradición popular e na súa sabedoría na aula. Buscar en castelán, francés, inglés ditos ou expresións sobre o tema mariño. Posta en común.

## 4. A Dorna:

- Actividade 1ª: A dorna. Partes fundamentais. Orixe da palabra: indoeuropea, latina, xermánica ou árabe. Definir estrato, substrato e superestrato na orixe da formación do léxico galego.

verga\_temón\_pora\_popa\_quilla\_cadeira\_vela\_pao\_\_

- Actividade 2ª: Elaborar un texto no que apareza o léxico estudado. Elaborar anuncios de compra-venda con estes aparellos resaltando cualidades reais ou/e inventadas. Partindo do poema SOS de Manuel Antonio, cambiar todos os substantivos do texto polos que aparecen no vocabulario da dorna, sempre e cando comecen coa mesma letra (paquebote> poa, proa, pao...) e posta en común do novo poema.
- Actividade 3ª: Facer un censo de nomes de dornas e posta en común na aula. Reflexionar sobre o uso de nomes femininos. Buscar individualmente novos nomes. Posta en común e principais diferenzas entre os nomes das dornas de vello e os novos nomes.
- Actividade 4ª: Recollida de cantigas, refráns... que teñan como protagonista á dorna. Analizar os recursos literarios dos textos e crear un obradoiro de novos textos.
- Actividade 5ª: Elaborar un calendario das festas populares da zona que teñan como protagonista a dorna e o mar, intentando buscar a súa orixe pagá e relixiosa ( no caso de non atopar esa explicación, daríase unha inventada polos/as alumnos/as). Buscar outras festas no conxunto de Europa. Construír eslogans publicitarios para atraer ao turismo ás festas do mar, tratando de incluír o maior número dos recursos literarios típicos na publicidade (metonimias, símiles, aliteracións, animalizacións, anáforas, caligramas...)
- Actividade 6ª: Establecer unha relación das cores maioritarias empregadas nas dornas e dos elementos empregados para engalanalas nos días de festa. Deseñar novos elementos decorativos e complementos.
- Actividade 7ª: Tratar de reunir fotos de vello na que aparezan escenas mariñas relacionadas cos temas estudados. Fotocopialas para a elaboración dun collage ou empregar as técnicas do pop-art. Por parellas ou grupos de tres e partindo das fotos ou das montaxes plásticas, artellar un texto dialogado (xénero dramático) para ser representado. Póndense incluír personaxes reais, irreais, animados e inanimados.

1. Le o seguinte texto e subliña as cousas máis representativas que se poden atopar na Ría de Arousa.

"A ría de Arousa é a máis extensa das rías galegas. A súa boca sitúase entre as puntas Covasa ó norte e san Vicente ó sur. Polo norte limita coa serra do Barbanza e polo sur está bordeada polas suaves terras do Salnés. No interior da ría atopamos illas e illotes de gran beleza, entre os que destacan a illa de Sálvora que está situada na entrada da ría, Arousa no medio da ría e a illa da Cortegada no fondo no contacto coa desembocadura do Ulla. O perfil sinuoso da ría e a existencia das enseadas e penínsulas deron lugar ó nacemento de vilas mariñeiras. Historicamente, a amplitude da ría fixo moi propicio o comercio e os seus intercambios, ademais da chegada doutros pobos como os

vikingos ou os árabes. Unha parte importante da economía da ría baséase na pesca e no marisqueo, é dicir, no sector primario, xa que as rías son as zonas de maior produtividade e riqueza, incluso a nivel mundial. Tamén nesta ría vívese do viño, que foi introducido polos monxes da orde do Císter. A ría de Arousa posúe unha grande riqueza natural, como o complexo de lagoas-dunar do parque natural de Corrubedo; o refuxio natural de aves na enseada do Bao ou o Parque Natural de Carreirón na Illa de Arousa

A nivel de patrimonio cultural, ademais de ter nacido nesta ría personaxes como Castelao, Manuel Antonio, Rafael Dieste etc... consérvanse conxuntos histórico artísticos como a da vila de Cambados, gran cantidade de arquitectura relixiosa, civil e popular. Así como que é unha zona de forte densidade de cultura castrexa e sueva".


2. Visualización dun capítulo de "Mareas Vivas" e posta en común oral sobre o mesmo.

a. Reflicte de maneira fiel a realidade que coñeces? b. Identificas algún dos personaxes coa xente do teu pobo? c. Que consideras que falta na ficción presentada?

## 1. XEOGRAFÍA.

### Actividade 1ª e 2ª.

• SITÚA NO SEGUINTE MAPA: 1. Os límites da ría e ríos que conflúen nela. 2. As principais poboacións da ría. 3. Os Parques Naturais máis representativos 4. As zonas onde se atope patrimonio artístico(conxuntos históricos, cultura castrexa, arquitectura popular e relixiosa...)



• Utiliza o mapa para marcar o que consideres digno de resaltar na zona: tendas, bares, a túa casa, o instituto... inventando o teu propio código de lendas.

### **Actividade 3ª:**

- Empregar o libro de texto ou material no que se trate este tema morfolóxico.

### **Actividade 4ª:**

- Para esta actividade, o profesor empregará a lectura recomendada ou calquera que considere axeitada. O importante é facer fincapé na diferenza entre galego oral (onde atopamos marcas dialectais) e o galego escrito ou estándar.

## **2. SECTORES ECONÓMICOS: PESCA E OFICIOS.**

### **Actividade 1ª:**

- Definición de conceptos: sector económico, sectores primario, secundario e terciario. Exemplificación e observación dos mesmos na zona.

### **Actividade 2ª:**

- Traballo a partir do estudio de Xaquín Lorenzo “Xocas”, ao que se lle adica o Día das Letras Galegas 2004.

### **Actividade 3ª:**

- Coa lista de oficios elaborada na actividade 2ª, indicar o xénero da persoa que os realiza. Establecer un debate na aula sobre a especificación do traballo tradicional: mariñeiro/a mariscador/a peixeiro/a patrón/a carpinteiro/a dorneiro/a percebeiro/a redeiro/a pescador/a naseiro/a conserveiro/a carpinteiro/a

### **Actividade 4ª:**

#### **Enquisa para os oficios Ficha técnica:**

Oficio ..... Nome do traballador .....

Lugar da enquisa ..... Data da enquisa .....

Cando comezou a traballar neste oficio?

Que razóns /motivos o levaron a adicarse a este oficio?

- Cales son as funcións principais deste oficio? - Cantas horas lle adica ó longo do día? - Cales son os principais aparellos o materias para levar a cabo? - Que parte de este oficio lle resulta máis gratificante? Cal a máis difícil ? - Coñece ou ten relación con máis persoas deste oficio? - Se a resposta é afirmativa: Teñen un colectivo ou organización? Como funciona? - Cal é a situación actual na que

se atopa este oficio? Como cre que será o futuro? - Como cre que percibe a sociedade este oficio?\_\_

- Traballo de campo a partir desta ou outra enquisa. Exposición oral en clase sobre o colleitado.

#### **Actividade 5ª:**

- Coa axuda do profesor, buscar lendas e contos populares e de autor con temas mariños. (Lendas galegas, X. Reboredo, ed. Galaxia)

### **3. EMBARCACIÓNS TRADICIONAIS**

#### **Actividade 1ª:**

- [\(Vid. Power Point páxina web da Asociación Cultural Dorna\)](#)

#### **Actividade 2ª:**

- Buscar refráns e adiviñas como os que propomos aquí e por grupos de tres intentar darlle unha explicación apta para estranxeiros. Clasifícaos segundo a estas diferentes temáticas:

1. Épocas de pesca ou días de Santos 2. Climatoloxía 3. Habilidade e destreza dos mariñeiros 4. Muller

**Refráns:**\_\_ - Ceo escamado, vendaval ó rabo.

- Cando chove por santa Lucía non hai sardiña - En San Xoan a sardiña pinga pan

- En xaneiro a faneca sabe a carneiro - Lúa deitada mariñeiro de pé Golfiños a choutar acaba a calma no mar - Mariñeiro que dorme peixes non come

- Nordeste escuro vendaval seguro - O fuciño do patrón é a mellor estrela e o mellor timón - O xeiteiro de verdá sabe como se pon o sol e como saídrá

- O peixe de maio que o parta un raio

- Onde haxa gaviotas peixe verás - O mar o de o mar o leva

- Por san Blas aparellos por atrás - Para novos aparellos, novos mariñeiros

- Pola boca morre o peixe - Portugal craro vendaval declarado

- Ti que es home de mar, ¿isto é peixe ou calamar? - Pulpón pulpón,lacazán e pasmán

- A muller e mailo vento cambian nun momento.\_\_

**Adiviñas mariñeiras...** \_\_Que cousa e cousa que bate na lousa

(mar)

Vivo no mar

morro na terra  
e estou onda ti se vas a feira

(polbo)

Anda co vento  
e labra sen regos

(barco)\_¿Que é unha cousiña cousa  
que moito se move e non ten pés?



(peixe)

A ola é de madeiras  
trebedes son de agua a carne que leva dentro está viva e fala

(barco)\_

#### 4. A DORNA

##### Actividade 1ª:



##### Actividade 2ª:

- A partir do poema de Manuel Antonio “SOS”, en De catro de a catro, ed. Xerais, elimina todos os substantivos e substitúeos polos que forman o léxico



da dorna, sempre e cando comeceen coa mesma letra. Lectura dos resultados.

### **Actividade 3ª:**

- Fai unha visita ao porto da túa zona e fai unha lista cos nomes das dornas.
- En clase, posta en común dos nomes. Por que a maioría son nomes femininos?
- Inventa, individualmente, dous nomes actuais para dúas dornas. Comparación cos resultados anteriores. Hai algún cambio?

### **Actividade 4ª, 5ª e 6ª:**

- Recompila entre a túa familia ou veciños cantigas e refráns que teñan como protagonista a dorna. Coa axuda do profesor, fai o mesmo con poemas da literatura galega.
- Organiza un calendario de festas populares que teñan como protagonista o mar e a embarcación tradicional. Busca outras festas no continente europeo.
- Cales son as cores que máis se usan para as embarcacións tradicionais? Cal crees que é o motivo?
- En grupos de tres, elabora un anuncio publicitario e o seu eslogan para promocionar as festas do mar. Ten en conta os recursos literarios máis habituais.
- Deseña novas cores e adornos para engalantar hoxe en día unha dorna (grunge, hippy, punk...)

### **Actividade 7ª:**

- Pide na casa fotos de vello na que aparezan escenas mariñas ou embarcacións tradicionais. Tamén podes tirar algunha foto do porto actual da túa zona.
- Despois de fotocopiar as fotos recompiladas, elabora un collage, técnicas surrealistas (Duchamp), seguindo as vangardas pictóricas europeas e expoñer o resultado na aula.
- A partir dunha foto orixinaria ou do collage, e mantendo os grupos de tres, escribe un diálogo no que integres todos os personaxes, obxectos e demais elementos da foto.
- Memorización e representación dos diálogos.

## **PROPOSTA DE ACTIVIDADE AVALIATIVA: A DORNA, FERRAMENTA DE PESCA SOSTIBLE**

Plantexar un xogo de rol entre os alumnos e as alumnas.

## **Obxectivos:**

- Que os rapaces /as poidan empregar os conceptos e contidos plantexados nesta unidade didáctica, dun xeito distendido, para poder avaliar o seu aproveitamento.
- Que queden de manifesto todos os sectores que interveñen ao redor do mundo da pesca de baixura e litoral.
- Que os rapaces/as comprendan que a dorna é unha embarcación que posibilita a captura dun espectro máis grande de especies que as novas embarcacións. Estas, polas súas características, teñen que concentrarse en determinadas especies, poucas, favorecendo a súa esquilma.
- Que se poñan de manifesto as vantaxes e desvantaxes dos dous tipos de embarcacións, e das diferentes artes de pesca que cada un posibilita.

## **Temporalización:**

Aproximadamente 1 hora. (Pódese estender se o debate é productivo. Ademais, pódese facer con caracterización das personaxes que aparecen, o que implicaría un traballo previo na aula) .

## **Desenvolvemento:**

1. Dividir ao grupo entre os diferentes sectores implicados: mariñeiros con embarcacións tradicionais, con novas embarcacións (planeadoras), subhastador da lonxa, peixeiras, administración, industria local de embarcacións novas e de carpintería de ribeira, poboación xeral, ecoloxistas... É tamén interesante a presenza de personaxes como os xornalistas, que simulando un informativo, cada poucos minutos de debate sinteticen ao grupo qué debates se están producindo entre os sectores antes reseñados.
2. A cada grupo daráselle por escrito cal é a súa postura. Se se plantexa este xogo de rol, como unha ferramenta de avaliación, cumpriría que fosen os propios rapaces/as os que unha vez adxudicados os sectores implicados por grupos, sexan estes mesmos grupos os que sinteticen cal é o seu papel. (Unha breve descripción de actitudes e obxectivos).
3. Cada sector terá que ter un lugar determinado na aula, como punto de encontro do grupo, e para que os demais sectores, se queren ir falar con eles/as, saiban onde atopalos. (É convinte, que en cómputo global haxa un número aproximado de rapaces/as que defenden as diferentes posturas, para que o debate estea equilibrado).
4. A dinámica de debate consiste en que cada sector decide en grupo con quen van falar. Pode ser con un ou mais grupos á vez, pois os rapaces/as poden dividirse e poñer en común as conversas antes de cada "telexornal".
5. Cada 10 minutos aproximadamente haberá unha chamada que indica o comezo do telexornal. Todos os rapaces/as deberán volver aos seus sitios e parar o debate. O "telexornal" tentará resumir e expor ao conxunto da clase un resumo das

- conversas mantidas, polo que os/as rapaces que sexan xornalistas, mentras se produza o debate, deberán ir recompilando esta información.
6. Despois de cada "telexornal", en cada grupo deberán pór en común as novos diálogos que van iniciar. Os xornalistas poden ser tamén os encargados/as de expoñer as conclusións que cada grupo tire cando se decida pór fin ao debate.

## GLOSARIO

- Abordaxe:** Achegarse dúas embarcación, accidental ou voluntariamente
- Amurado:** De babor (ou de estribor): navegase amurado de babor (ou estribor) cando a vela queda a ese lado.
- Áncora:** Aparello con cadea que serve para fondear nun peirao ou na mar.
- Aparello:** Conxunto de elementos necesarios para a navegación ou a pesca
- Arriar:** Baixar as velas
- Arribar:** Virar cara a sotavento.
- Axustar:** Modificar o rumbo a babor ou estribor.
- Babor:** Parte esquerda da embarcación mirando a proa.
- Barlovento:** Parte de onde vén o vento.
- Boia:** Baliza que pode ser de sinalización.
- Borda:** Cada un dos laterais da embarcación.
- Cair:** Cambiar de rumbo, arribando.
- Ceñir:** Dise que un barco "ciñe" ou bolina cando o seu rumbo forma o menor ángulo posible coa dirección do viento.
- Cornamusa:** Ferraxe para amarrar cabos
- Dar o aparello:** Izar as velas e colocar o aparello nas condicións oportunas para navegar.
- Deriva:** Desprazamento lateral dun barco de vela por efecto do vento.
- Drizas:** Cabos empregados para izar as velas.
- Envergar:** Suxeitar as velas ás vergas.
- Escorar:** Navegar un buque moi inclinado pola acción do vento ou o peso da carga
- Escotas:** Cabos utilizados para cazar e orientar as velas.
- Estribor:** Parte dereita da embarcación mirando a proa.
- Flamear:** Ondear unha vela. Ocorre cando non está correctamente orientada por non estar suficientemente cazada.
- Izar:** Subir unha vela ou bandeira tirando da súa driza.
- Lascar:** Soltar un cabo ou unha escota.
- Liña de flotación:** Liña que marca a superficie sumerxida do casco.
- Navegar de través:** Dise que un barco navega "de través" cando recibe o vento aproximadamente polo través, é dicir, formando un ángulo duns 90º co seu eixe lonxitudinal.
- Navegar en popa:** Un barco navega co vento "en popa" ou de "empopada",

cando recibe o vento aproximadamente pola popa.

**Popa:** Parte posterior da embarcación

**Portar:** Dise que unha vela "porta" cando está correctamente orientada, de modo que aproveita integramente a forza do vento.

**Proa:** parte anterior da embarcación.

**Proa ó vento:** Posición na que a proa da embarcación está na dirección do vento.

**Puxamen:** Banda inferior dunha vela.

**Puños:** Ángulos ou picos das velas, onde se fan firmes as escotas, drizas, etc.

**Quilla:** Peza lonxitudinal da parte inferior dunha embarcación, disposta de proa a popa, pódese considerar que constitúe toda a estrutura da embarcación.

**Relingar:** Estirar unha das relingas dunha vela.

**Relingas:** Cabos cosidos nos lados das velas que serven para reforzarlos ou guialos.

**Rumbo:** Dirección trazada con relación ó plano do horizonte

**Sotavento:** Parte oposta a aquela de onde ven o vento

**Temoneiro/ Timonel:** Dise da persoa que goberna o temón dunha embarcación.

**Trasluchar:** Momento no que durante a virada por redondo, as velas cambian de banda, pasando a botavara polo eixe lonxitudinal do barco.

**Verga:** Percha especial para agarrar a vela nos barcos.

**Virar:** Cambiar de rumbo, de modo que o vento que antes se recibía por una banda, despois de virar se reciba pola outra, é dicir, pasar de "amurado a estribor" a "amurado a babor" ou viceversa.\_